



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXAME A AVALIACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DOS SOBRES «B»

En Pontecesures a vinte e seis de xuño de dous mil trece.

Na Consistorial do Concello de Pontecesures, sendo as doce horas se constitúe a Mesa de Contratación, para a adxudicación do contrato de servizos da Escola Infantil Municipal, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, integrada por Dona Cecilia Tarela Barreiro, terceira Tenente de Alcalde, que actuará como presidenta, Dona M<sup>a</sup> Trinidad Rodríguez Suárez, secretaria-interventora da corporación, D. Arturo Ferro González, Concelleiro Delegado de Facenda, D. Roque Luís Araújo Rey, Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Educación e Deportes, Dona Raquel López Doce, traballadora social, que actuarán como vogais, actuando de secretario o funcionario da Corporación D. Ricardo Campos Saborido, que da fe do acto.

Constituída a Mesa, previo exame do informe expedido pola traballadora social, procedese ao baremo dos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (sobre “B”), seguindo a orde das catro proposicións presentadas segundo a certificación unida ao expediente, obténdose o seguinte resultado:

\* Valoración do *Proxecto Educativo do Centro, con descrición dos medios persoais e materiais que se propón empregar:*

- Fundación de Estudos e Análises (FESAN) .....28 puntos
- Ana Naya García, S.L.....10 puntos
- Eulen Servizos Sociosanitarios, S.A. ....12 puntos
- Clece, S.A. ....15 puntos

\* Valoración do *Proxecto de organización interna do centro:*

- Fundación de Estudos e Análises (FESAN) .....14 puntos
- Ana Naya García, S.L.....8 puntos
- Eulen Servizos Sociosanitarios, S.A. ....8 puntos
- Clece, S.A. ....10 puntos

\* Valoración do *Plan de mantemento das instalacións e equipos:*

- Fundación de Estudos e Análises (FESAN) .....2 puntos
- Ana Naya García, S.L.....1 punto
- Eulen Servizos Sociosanitarios, S.A. ....3 puntos
- Clece, S.A. ....4 puntos

Concluída a baremación dos tres apartados que figuran nos criterios dependentes dun xuízo de valor, procédese a realizar o resumo da puntuación obtida por cada proposición nos referidos tres apartados, que é a suma da puntuación total dos sobres "B":


PROPOSICIÓN	PROXECTO EDUCATIVO	PROXECTO DE ORGANIZACIÓN	PLAN DE MANTEMENTO	TOTAL
Fundación de Estudios e Análises (FESAN)	28	14	2	44
Ana Naya García, S.L.	10	8	1	19
Eulen Servizos Sociosanitarios, S.A.	12	8	3	23
Clece, S.A.	15	10	4	29

Finalmente a presidenta dá por rematada esta reunión sendo ás trece horas e trinta minutos, estendéndose a presente Acta, que tras a súa lectura asina a Mesa de Contratación do que, como Secretario, certifico.

A mesa de contratación:



Asdo.: Cecilia Tarela Barreiro


Asdo.: Mª Trinidad Rodríguez Suárez




Asdo.: Arturo Ferro González



Asdo.: Roque Luís Araújo Rey



Asdo.: Raquel López Doce



Asdo.: Ricardo Campos Saborido